

PRESENTACIÓN

Para a Deputación da Coruña é unha honra colaborar co departamento de Historia do Arte da Universidade de Santiago de Compostela na edición dun novo número da revista QUINTANA.

Pasaron xa trece anos dende que QUINTANA veu a luz por primeira vez no ano 2002 e, dende entón, esta institución mantivo o seu compromiso de mecenazgo cunha publicación que contribúe decisivamente á divulgación de interesantes investigacións sobre as múltiples especialidades relativas ao campo das artes, realizadas polos máis reputados expertos de universidades de toda España e Iberoamérica. Uns traballos que, con esta revista, poñemos a disposición do público interesado e que doutro xeito quedarían restrinxidos exclusivamente ao ámbito académico.

O tema elixido para este decimoterceiro número é “Escenarios e imaxes do liberalismo á modernidade” e, no mesmo, o lector atopará artigos sobre cuestións tan diversas como a configuración do proceso creativo do gran escultor francés Auguste Rodin, a visión do gótico español do historiador James Fergusson ou unha análise sobre a serie de grabados “Desastres da Guerra” de Francisco de Goya, entre outras colaboracións.

Dende a Deputación seguiremos apoiando iniciativas como esta, que contribúan á difusión do coñecemento no eido do arte e a cultura e que, no caso da revista QUINTANA, é dende hai anos un referente indiscutible no mundo investigador e universitario español.

Valentín González Formoso
Presidente da Deputación da Coruña